

Cuestión teórica nº 16

A ilustración en España.

Nesta pregunta o alumnado terá que facer referencia ás ideas básicas defendidas pola Ilustración centrándose na explicación das características propias do caso español, as súas figuras principais e mecanismos de difusión. Cómpre comentar así mesmo o desenvolvemento do Despotismo ilustrado en España, salientando o labor desenvolvido por Carlos III e o seu impacto na realidade.

A resposta básica debe incidir nas seguintes cuestións:

- A preeminencia outorgada polos ilustrados á razón fronte a tradición e as ideas preconcebidas.
- O desenvolvemento dun novo ideal humano, baseado na busca da felicidade.
- A importancia outorgada á educación como mecanismo para acadar os obxectivos de progreso.
- A oposición á Igrexa e os seus privilexios.
- A crítica do absolutismo monárquico.
- A crítica dos privilexios sociais, sen cuestionar a orde social.
- A ilustración en España: características propias, figuras principais, mecanismos de difusión
- O desenvolvemento do despotismo ilustrado en España: o labor desenvolvido por Carlos III e o seu impacto na realidade

Para ter cualificación de notable ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe explicar cunha certa profundidade polo menos unha delas. Para sobresaliente, ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe afondar nunha ou explicar con certa profundidade polo menos dúas delas.

A corrente ideolóxica que predominou en Europa no século XVIII recibiu o nome de **Ilustración**. Os seus seguidores, os ilustrados, someteron nos seus escritos á sociedade e ao ser humano a unha **análise científica**, que prescindía de tradicións e das ideas preconcebidas.

Os individuos son para os ilustrados seres sociais que, dirixidos pola **razón**, teñen como fin a **procura da felicidade**, a cal se basea no benestar e mídese pola cantidade de riqueza, ou propiedade, que posúen. Baseándose nestes principios os ilustrados crían que a sociedade humana entraría nunha época de **progreso indefinido** na que a razón se vería apoiada pola **educación** e a **actividade económica**. Así mesmo, os ilustrados **opuxéronse ao dominio ideolóxico da Igrexa** e aos seus privilexios, sen negaren a existencia de deus. Por último, **enfrentáronse ao absolutismo monárquico**, defendendo a necesidade dun contrato entre gobernantes e gobernados que garantise os dereitos básicos do individuo.

A nova corrente de pensamento ilustrado orixínase en Francia e espállase por Europa: **o século XVIII é o século das luces**. As características básicas do pensamento ilustrado son as seguintes:

- **Ilimitada confianza na razón coma fonte de coñecemento:**
 - Negan o valor do principio de autoridade, da tradición ou da revelación divina, que non poden substituír á razón
 - Todo aquilo que a razón non poida aceptar debe ser rexeitado como engano ou superstición
- **Acadar o coñecemento é a base da felicidade**, polo que son firmes partidarios:
 - Da **educación**, para enriquecer o saber
 - Do **progreso**, para mellorar as condicións de vida
- **Sometemento á crítica do modelo do Antigo Réxime**
 - **Critican os principios nos que se basea a sociedade estamental**
 - Negan a transmisión hereditaria de calquera virtude ou privilexio
 - Afirmen a **igualdade** e mais o **dereito á liberdade** de todos os seres humanos
 - **Critican a rixida organización económica feudal**
 - Critican a falta de liberdade para mercar, vender, establecerse ou progresar
 - Defenden un sistema económico que garanta a **propiedade** e mais a **liberdade de comercio e industria**
 - Sen negaren a existencia de Deus, **opóñense**
 - **Ao dominio ideolóxico da Igrexa**,
 - Aos seus privilexios
 - Á visión conservadora e inmovilista transmitida polo clero
 - **Enfróntanse ao absolutismo monárquico**
 - Defenden a necesidade dun contrato entre gobernantes e gobernados que garanta os dereitos dos individuos
 - **Montesquieu** defende a **separación de poderes**: lexislativo, executivo e xudicial
 - **Rousseau** formula o principio da **soberanía popular**:
 - O poder emana do libre consentimento dos cidadáns, expresado mediante o voto

A introdución e mais a difusión das novas ideas ilustradas en España foi lenta e difícil. Existiu un atraso de varios decenios respecto dalgúns países europeos, pero, en esencia, espalláronse os mesmos principios e intentáronse parecidas reformas. A ausencia de amplos grupos burgueses, o anquilosamento e conservadorismo dos medios intelectuais universitarios, o enorme peso da Igrexa e a inexistencia de clases medias formadas e capaces de entender as teorías dos novos filósofos obstaculizaron, na primeira parte do século, a difusión da nova corrente de pensamento.

Os **ilustrados españois** foron poucos, pero tiveron moita importancia nos intentos de renovación da vida española dado que buscaron solucións para a súa decadencia económica e social. Aínda que houbo nobres ilustrados, a maior parte deles pertencían á clase de fidalgos (pequena nobreza sen título) e á burguesía, e exercían profesións liberais: médicos, avogados, escritores...

Na **primeira xeración de ilustrados** destacamos dous clérigos, **Frei Benito Jerónimo Feijoo** e o pai **Enrique Flórez**, que iniciaron a análise crítica do pensamento e da sociedade e nas súas obras criticaron as posturas tradicionais e inmovilistas. Na **segunda metade do século XVIII** prodúcese a eclosión dos grandes nomes da Ilustración española: **Campomanes, Floridablanca, Olavide, Cabarrús, Aranda ou Jovellanos**. Case todos eles participaron en política durante o reinado de Carlos III, con proxectos de reforma e modernización do país. Os ilustrados españois

preocupáronse pola mellora do sistema educativo e as ciencias útiles, pola crítica da sociedade estamental e pola reforma e a modernización da economía.

Os ilustrados españois criticaron os privilexios nobiliarios, negando o dereito á transmisión hereditaria de toda virtude ou privilexio, afirmando o dereito á igualdade de todos os seres humanos e resaltando os prexuízos de manter o predomínio social aristocrático. Reclamaron a fin da superstición e das tradicións e os prexuízos que impedían o progreso.

Os ilustrados españois fixeron da educación o obxectivo prioritario, o eixe sobre o que debía descansar o cambio do país. Estaban convencidos de que só a mellora do nivel cultural podería sacalo do seu atraso, mellorar a súa economía e permitir que amplas capas da poboación aceptasen as reformas da estrutura económica e social. Por iso, **defenderon a necesidade de impoñer unha ensinanza útil e práctica**, obrigatoria para todos nos primeiros niveis, común aos dous sexos e impregnada dos novos coñecementos. Ademais de promover a reforma da educación, interesáronse pola ciencia en todos os seus campos, a historia, a arte e a literatura.

A outra teima básica dos ilustrados españois foi a cuestión económica. Todos eles eran conscientes de que o atraso do país, en relación con outras potencias europeas, proviña da pervivencia do forte predomínio da propiedade nobiliaria e eclesiástica, do excesivo control sobre as actividades económicas, e do descoñecemento das novas técnicas, inventos e avances, aplicados xa noutros países como Gran Bretaña ou Holanda. Por iso, esforzáronse en estudar a situación real do país e en propoñer unha serie de reformas.

A maioría dos ilustrados españois non defenderon cambios revolucionarios (liberalismo). O seu escaso número e debilidade ante os estamentos privilexiados, fíxolles confiar no poder monárquico como o instrumento para cambiar as leis, avanzar nas reformas e modernizar o país. Esta experiencia coñécese como **despotismo ilustrado** e tivo lugar nos países nos que os ilustrados aceptaron que a debilidade da burguesía e a ignorancia das clases populares facía imposible calquera cambio que non fose asumido pola monarquía.

O reinado de Carlos III (1759-1788) constitúe o exemplo español de **despotismo ilustrado**. Como outros monarcas absolutos europeos amosouse partidario de seguir algunhas das ideas de progreso e racionalización da Ilustración, sempre que non atentasen contra o poder da monarquía absoluta. Carlos III accedeu ao trono español ao morrer o seu irmán Fernando VI sen descendencia directa. O monarca xa reinara en Nápoles desde 1739, onde **entrara en contacto coas ideas ilustradas**. Chegou a España para facerse cargo da Coroa rodeado dos seus conselleiros italianos e **intentou aplicar un programa de reformas para modernizar o país** seguindo os principios do despotismo ilustrado.

Carlos III contou cunha serie de colaboradores, que eran, en realidade, os responsables dos esforzos reformistas, e, dende diversos postos de goberno, o auxiliaron. Entre eles cabe destacar a **Pedro Rodríguez Campomanes, o conde de Floridablanca e o conde de Aranda**. Xunto a eles, e dende outros postos públicos, ilustrados como **Pablo Olavide, Cabarrús ou Gaspar Melchor de Jovellanos**, estudaron e propuxeron unha serie de medidas que pretendían a modernización e racionalización do Estado

As reformas impulsadas polo monarca e os seus ministros tiñan por obxectivo **catro eixes básicos**

1. Unha serie de medidas legais para **abolir algún dos privilexios propios da sociedade do Antigo Réxime**. Así, en 1783, declaráronse honestas todas as profesións, admitindo mesmo como mérito para a consecución da fidalguía as actividades profesionais de alta utilidade pública.
2. **A reforma da educación**. Iniciouse unha reforma dos estudos universitarios e mais das ensinanzas medias (Estudios de Santo Isidro de Madrid), pero moi especialmente se fundaron as escolas de artes e oficios, ligadas a coñecementos prácticos, e impulsouse a obrigatoriedade da educación primaria. Ademais, promoveuse a fundación de academias dedicadas ás letras e ás ciencias.
3. **A defensa do poder do Estado fronte á Igrexa (regalismo)**. Carlos III reclamou o dereito a nomear os cargos eclesiásticos, a controlar a Inquisición e tamén a fundar mosteiros, e combateu tenazmente o intento da Igrexa de constituír un poder dentro do Estado. Nese contexto hai que entender a **expulsión da orde dos xesuítas en 1767**, por ser unha orde de enorme poder, de directa obediencia ao papado e probable instigadora dos motíns contra Esquilache.
4. **A cuestión económica**. Convencidos da necesidade de acabar coas trabas que inmovilizan a propiedade, entorpecían a libre circulación e amordazaban os mercados, adoptaron unha serie de medidas de carácter económico como:

- **Limitar os privilexios da Mesta**, apoiar a proposta de Olavide de colonización de novas terras en Serra Morena e impulsar os proxectos de reforma agraria
- **Crear mercados de bens e capitais**, fomentando así, no interior de España, as infraestruturas de transporte, a libre circulación de mercadorías (**Lei de Libre Circulación de Grans** en 1765), e, no comercio colonial, establecer unha certa liberalización: **fin do monopolio do porto de Cádiz**, decretado no ano 1765
- **Apoiar a actividade industrial**, liberalizando gradualmente o proceso de fabricación, a partir de 1768, ou abandonando a xestión directa das Reais Fábricas dende 1761. Ao mesmo tempo, establecéronse **aranceis** para defender a industria nacional da competencia exterior: arancel de 1782
- **Estabilizar e moderar a política impositiva** co obxectivo de fomentar a produción asociada á estabilidade do gasto público

Un dos esforzos máis interesantes dos grupos ilustrados españois e do goberno reformista de Carlos III foi o apoio dado á creación das **Sociedades Económicas de Amigos do País**. A primeira foi fundada por un nobre vasco, o conde de Peñaflorida, en 1765, pero a partir de 1775 fóronse creando Sociedades en moitas provincias. O **obxecto** das Sociedades era estudar e determinar a situación de cada un dos territorios nos que actuaban, **fomentar a agricultura, o comercio e a industria**, traducir e publicar libros estranxeiros e impulsar a difusión das ideas fisiócratas e liberais mediante conferencias, faladoiros, cursos ou proxectos de reforma.

De todas as tarefas que emprenderon as Sociedades Económicas, a **preocupación pola agricultura foi fundamental**, ao considerar o atraso agrícola como o meirande problema da economía española. Influidos polas **novas ideas fisiócratas** de que a terra e a agricultura era a principal fonte de riqueza dun país, vían como un obstáculo cuxa eliminación era indispensable as trabas que impedían dispoñer da propiedade: amortización, mans mortas, señorío... Como consecuencia disto, criticaron de xeito sistemático o réxime señorial, as formas de propiedade da Igrexa, os morgados e a propiedade comunal.

En Galicia predominou unha mentalidade moi tradicional na sociedade. Isto non impediu que o pensamento renovador da ilustración penetrase en sectores minoritarios das clases dirixentes da sociedade galega. Os ilustrados galegos tiñan en común a **defensa da eficacia da razón para entender o mundo e facelo mellor** (a crítica da ignorancia, da superstición, da ociosidade, do atraso agrario e industrial, da miseria do pobo...), e a defensa da ciencia, da difusión dos progresos técnicos, da educación, da laboriosidade e dos oficios útiles. Propuñan reformas que fomentasen o progreso material e intelectual, incrementasen a felicidade e prosperidade, especialmente das clases baixas e non atentasen contra os fundamentos da relixión e da monarquía.